

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS
OEP 2019 - ACTA N° 2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefa de sección de PAS

Margarita González Hernández

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascos Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Federico A. Fdez. Fdez. (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Carlos Román Lago (CIG) Escusa ausencia

José Luciano Otero Camiña (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

Benedicta Expósito González (CIG)

Sofía Conde Casas (CIG)

Henrique Macías Cambra (CIG)

José Antonio Gándara Perez (CIG)

Teresita Aboal Somoza (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Susana Viña Martínez (UGT) Escusa ausencia

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pividra (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 10:00h, do 22 de outubro de 2019 na Sala II do Edificio Miralles, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Proposta de Oferta de Emprego Público e de Promoción do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2019

Universidade de Vigo

3. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta nº1 correspondente á primeira reunión mantida en relación á OEP 2019.

2. Proposta de Oferta de Emprego Público e de Promoción do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2019

A Xerenta comeza a reunión dicindo que en relación á primeira consulta feita ao Ministerio de Facenda a resposta foi negativa, polo que tentarase incluír esas prazas na taxa de reposición ao longo do tempo. Polo que se refire á segunda consulta, o Ministerio di se as prazas polas que se consulta estiveron ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente, alo menos nos 3 anos anteriores, poderían incluírse na OEP de este ano. Atendendo a esa resposta, comprobouse polo servizo de PAS que as prazas que cumprirían todos os requisitos que establece a normativa serían 36 prazas de persoas funcionario e 9 de ATSX (8 en Ourense e 1 en Pontevedra).

O presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) di que para salvagardar a promoción interna e cumplindo cos compromisos anteriores, o CEPO solicita que se teña en conta as peticións feitas por escrito á Xerencia en relación á carreira profesional e outras cuestións.

A xerenta indica que nesta OEP iso non se vai levar a cabo aínda que de cara a 2020 se podería contemplar outro escenario.

Pablo Álvarez insiste en que o compromiso reitoral era para decembro do ano 2018. Outros compromisos foron levados a cabo e este, que é unha petición do ano 2011 aínda está sen cumplir.

A xerenta responde que se compromete, unha vez que os novos órganos estean constituídos, a unha promoción do persoal laboral no primeiro semestre do ano 2020. No que se refire á petición de incluír na OEP de 2019 as futuras prazas para cumplir a DA9^a do Convenio Colectivo, non se vai a negociar.

Federico Fernández sinala que a proposta de xerencia non cumple co 50% que indica o Convenio Colectivo e di que non entende que se poñan prazas de promoción interna no grupo IV e mostra o seu desacordo absoluto en que a xerencia non queira negociar isto.

O Presidente da Xunta de PAS di que se leva todo o ano solicitando no Consello de Goberno que se negocie a DA9^a e a resposta foi que hai que negociara modificación da RPT. O persoal laboral reconverteu ao seu persoal do Grupo V ao IV e do IV ao III e cortaron o acceso as persoas que non tiñan titulación á hora de acceder á administración porque as OPE's se fixeron a Grupo IV e non a V. Nos funcionarios, o acceso é polo Grupo C2 non polo Grupo C1 e posteriormente inténtase que se



Universidade de Vigo

promocione. Por iso, a promoción interna do Grupo C2 a C1 non ten nada que ver coa problemática do persoal laboral. Remata dicindo que aceptan a proposta da xerencia aínda que non están moi de acordo en incluír unha soa praza de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos.

A xerenta propón a posibilidade de excluíla da OPE deste ano.

O Presidente da Xunta PAS parécelle ben e acordan retirala.

Federico Fernández expresa que si é certo que a Xerenta se compromete nos primeiros seis meses do ano que vén, quere algo máis e non sexa só de palabra.

A xerenta responde que unha vez remate o ano e rematen as negociacións da OPE, poñeranse a estudar as necesidades do persoal laboral.

O presidente do CEPO di que o Comité defende a todo o persoal e engade que non se lle pode dicir a unha persoa que ocupa unha praza de TE que non pode promocionar. Aínda que considera que hai que tratar de cumplir convenio no que se refire ao 50% das prazas para promoción interna, está de acordo en que se lle dea a oportunidade ás persoas de acceder á praza que levan tantos anos ocupando aínda que sexa con esa transacción ficticia dos auxiliares de servizos. Polo que se refire á DA9^a di que os compañeiros levan moitos anos esperando é unha vez máis se lles pide que confíen na xerencia. Como presidente do CEPO dille á xerencia que vai estar moi atento nos vindeiros tres meses e se non se fai efectiva, terá a xerencia que contar cunha mobilización do persoal laboral. Quere que sexan propostas reais porque hai case 50 persoas ao límite da súa paciencia.

A xerenta di que nos primeiros tres meses do vindeiro ano farase a proposta en firme.

O presidente do CEO di que este debate é un claro exemplo de que non se poden facer negociacións en período electoral e non é partidario de crear unhas expectativas que non se van a cumplir. Tería que facerse unha RPT nova que é unha das vías de arranxo da DA9^a e ademais non é un tema para tratar nesta reunión. No que se refire ás prazas de promoción interna, si se sacan así só polo feito de cumplir o convenio, é partidario de quitalas, porque non hai persoas no grupo V que promocionen ao grupo IV.

A xerenta responde que as que non se cubran por promoción interna se acumulan a libre. En calquera caso, aínda que non se cumpra o 50% que establece o convenio, se están todos de acordo poderían sacarse as prazas a acceso libre.

Pablo Álvarez di que non está de acordo xa que quere que se cumpla o convenio. Cre que do contrario, alguén podería impugnar o proceso a posteriori.

O Vicexerente de RRHH di que de chegar a un acordo na mesa de negociación non habería inseguridade xurídica.

Logo de retirarse os comités a negociar en outra sala, retómase a reunión.

O presidente do CEO di que por coherencia se decidiu que sacar tantas prazas a promoción interna é algo totalmente ficticio polo que proponen dúas prazas a

A row of handwritten signatures in blue ink, likely belonging to the participants in the meeting, are placed horizontally across the bottom of the page.

promoción interna e sete a acceso libre e engade que segue sen haber consenso entre os Comités.

A Xerenta aclara que se non hai consenso entón hai que cumplir o convenio, lembrando de novo que as prazas que non se cubran por promoción interna acumúlanse para acceso libre.

O presidente da Xunta de Persoal solicita que, debido á inseguridade xurídica que se poida xerar, saian separadas a OPE de PAS Funcionario e a OPE de PAS Laboral, como xa ten sucedido noutras ocasións.

A xerenta conclúa con que, debido á falta de consenso e dado que hai que cumplir o convenio quedarían na categoría de ATSX 6 prazas por promoción interna e 3 para acceso libre, quedando un total de 13 e 12 respectivamente.

3. Rolda de intervencións.

O Presidente do CEO indica que non está de acordo coa proposta de xerencia tal e como queda definitivamente.

Federico Fernández di que se atopan cun problema á hora de atopar persoas para tribunais debido a que se esixe que sexan de igual ou superior grupo. Lembra tamén que antes de finalizar o ano hai que prorrogar o II Convenio Colectivo.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 13:00h

A series of handwritten signatures and initials in blue ink. At the top left, there is a signature that appears to start with 'Fernández'. To its right is a signature that looks like 'López'. Below these, at the bottom center, is a large oval containing the initials 'C' and 'R'. To the left of the oval is another signature that starts with 'F' and ends with 'n'. To the right of the oval is a signature that starts with 'L' and ends with 'n'.